

O exame consta de 40 preguntas e 8 de reserva. As preguntas contestadas correctamente puntuarán 0,50 puntos, as preguntas non acertadas serán puntuadas negativamente con 0,25 puntos, as preguntas en branco non puntúan.

Responda o exame suliñando a letra da resposta correcta na táboa que atopará ao final das preguntas

**NON POÑA O SEU NOME, NIN ESCRIBA, NIN MARQUE DE NINGUNHA FORMA O EXAME.**

Calquera dúbida, consúltea co tribunal. Boa sorte!

\*\*\*\*\*

**1.. Que rasgo diferencia os arquivos das bibliotecas?:**

- A.. **A documentación do arquivo é única**
- B.. As bibliotecas permiten consultar os seus fondos
- C.. Os arquivos non teñen libros

**2.. Que sistema integrado de Xestión Bibliotecaria utiliza actualmente a Biblioteca Municipal Enrique Rivera Rouco das Pontes de García Rodríguez?**

- A.. **KOHA**
- B.. Millenium
- C.. Ariadna

**3.. Os procesos relativos ao tratamento físico do documento son tarefas que realiza a ou o auxiliar de bibliotecas. Antes de colocar nos estantes os materiais adquiridos pola biblioteca, cal é a orde cronolóxica que se debe seguir ao realizar os seguintes procesos :**

- A.. Rexistro, etiquetado, magnetizado dos documentos, selado
- B.. Magnetizado dos documentos, etiquetado, selado, rexistro
- C.. **Rexistro, selado, etiquetado, magnetizado dos documentos**

**4.. Á hora de definir o documento de arquivo, faremos sempre referencia a tres características básicas:**

- A.. Soporte, información e medio de transmisión
- B.. Soporte, idioma e retroalimentación
- C.. **Seriación, unicidade e legalidade**

**5. Segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local as provincias son:**

A.. Entidades determinadas pola agrupación de municipios e división territorial para o cumprimento das actividades do Estado

B.. Entidades cuxo goberno e administración está encomendado a Deputacións ou outras Corporacións de carácter representativo

C.. As dúas respostas anteriores son correctas

**6. Que é REBECA no contexto bibliotecario?:**

A.. Base de datos de rexistros bibliográficos

B.. Directorio de bibliotecas públicas españolas

C.. Servizo cooperativo de atención de consultas a través de Internet

**7. Segundo o artigo 52 b) da Lei 7/2014 de 26 de setembro, de Arquivos e Documentos de Galicia, para as infraccións administrativas tipificadas en dita lei consideradas como infraccións graves, as multas ascenderán a:**

A.. Entre 3.001 e 6.000 euros

B.. Entre 3.001 e 60.000 euros

C.. Entre 60.001 e 100.000 euros

**8.. Dos seguintes métodos, cal se asocia ao expurgo nas bibliotecas?**

A.. Método Faulkner-Brown

B.. Método Crew / IOUPI

C.. Método de Dewey

**9.. Segundo a 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia unha biblioteca dixital é :**

A.. Coleccións organizadas de contidos dixitais que se poñen á disposición do público

B.. Coleccións organizadas de contidos producidos directamente en formato dixital que se poñen á disposición do público

C.. Calquera colección organizada de contidos dixitais

**10.. Un expediente de arquivo é?**

- A.. Un documento composto
- B.. Un documento simple
- C.. Unha instancia

**11.. As oficinas municipais de información xuvenil poderán contar con asesorías especializadas?**

- A.. Si, sempre que dispoñan de persoal cunha formación suficiente para o desenvolvemento de ditos servizos
- B.. Non, esa asesoría é só competencia do Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil
- C.. Non, este é un servizo dos puntos específicos de información xuvenil

**12.. Cal das seguintes funcións non está asignada ao Consello de Ministros e Ministras?**

- A.. Aprobar o proxecto de lei dos presupostos xerais do Estado
- B.. Remitir ao Congreso, ou no seu caso ao Senado, proxectos de lei
- C.. Declarar o estado de sitio

**13.. Segundo as ISBD, edición consolidada de 2011 da IFLA, as fontes de información preferidas para os recursos electrónicos son?**

- A.. Unha fonte que identifique o recurso na súa totalidade e que apareza no soporte físico ou as súas etiquetas
- B.. Unha fonte que identifique de forma colectiva a obra ou obras que contén o recurso, como un inserto descritivo publicado no disco
- C.. Fontes de referencia externas ao recurso e non asociadas ao mesmo

**14.. Indique cal dos seguintes supostos non se atopa incluído dentro dos casos de eficacia demorada do acto administrativo**

- A.. Cando a súa eficacia estea supeditada á súa notificación
- B.. Cando a súa eficacia estea supeditada á súa publicación
- C.. Cando a súa eficacia estea supeditada á súa aprobación posterior

**15.. A creación e o mantemento das oficinas locais de información xuvenil é competencia de:**

- A.. O Centro Coordinador de Información e Documentación xuvenil da Xunta de Galicia
- B.. A Rede Galega de Centros de Xuventude. Espazo Xove da Xunta de Galicia
- C.. **As Entidades locais**

**16.. Que son os díxitos dun cadro de clasificación?:**

- A.. O lugar de ubicación da documentación no depósito.
- B.. **A tradución a unha clave numérica dos campos dos que se compón o cadro**
- C.. As claves para o expurgo da documentación

**17.. As obras de referencia son documentos que proporcionan acceso rápido á información e están concibidas para a consulta puntual. Entre elas non se atopan:**

- A.. Os dicionarios
- B.. **As teses doutorais**
- C.. Os anuarios

**18.. A lectura fácil diríxese principalmente a persoas con dificultades lectoras. Que fai que un texto sexa considerado unha obra de lectura fácil:**

- A.. As ilustracións, o deseño e a maquetación
- B.. A linguaxe e o contido
- C.. **As dúas respostas anteriores son correctas**

**19.. Cal das seguintes é unha definición válida de arquivo:**

A.. **Conxunto orgánico de documentos, organizados respectando a súa orde natural, que proveñen da actividade dunha persoa física ou xurídica e que se poñen ao servizo da sociedade, a investigación e a cultura**

B.. Conxunto inorgánico de documentos, organizados respectando a súa orde natural, que proveñen da actividade dunha persoa física ou xurídica e que se poñen ao servizo da sociedade, a investigación e a cultura

C.. Conxunto orgánico de documentos, organizados respectando a súa orde natural, que proveñen da actividade dunha persoa xurídica e que se poñen ao servizo da sociedade, a investigación e a cultura

**20.. Onde está localizada a Oficina Local de información Xuvenil das Pontes de García Rodríguez?:**

- A.. Na Biblioteca Municipal Enrique Rivera Rouco
- B.. Edificio de usos múltiples Casa Dopeso
- C.. No edificio da Casa do Concello

**21.. Pode unha publicación levar ao mesmo tempo ISSN e ISBN?:**

- A.. Si, nas revistas electrónicas
- B.. Si, naquelas publicacións nas que o ISSN identifica a serie e o ISBN o volume concreto
- C.. Non, en ningún caso

**22.. O Consello Xeral do Poder Xudicial:**

A.. Estará integrado polo Presidente ou Presidenta do Tribunal Supremo e polos doce Xuíces ou Xuízas e Maxistrados e Maxistradas de todas as categorías xudiciais eleixidas por maioría simple do Congreso

B.. Estará integrado polo Presidente ou Presidenta do Tribunal Supremo, que o presidirá e por vinte membros nomeados polo Rei por un período de cinco anos

C.. Estará integrado polo Presidente ou Presidenta do Tribunal Supremo e por vinte Xuíces ou Xuízas e Maxistrados ou Maxistradas propostos polo Congreso dos Deputados e o Senado a partes iguais

**23.. A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, considera a biblioteca pública como:**

A.. Un dos servizos básicos e obrigatorios de todos os municipios con poboación superior a 5000 habitantes

B.. Un dos servizos necesarios para acceder á información e ao coñecemento

C.. Un dos servizos máis comúns para acceder á lectura para o conxunto da comunidade

**24.. Na CDU a clase Matemáticas, Ciencias Naturais represéntase co número:**

- A.. 6
- B.. 5
- C.. 9

**25.. Segundo o establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, o Parlamento de Galicia designará para cada legislatura das Cortes Xerais:**

- A.. **Aos Senadores e senadoras representantes da Comunidade Autónoma de Galicia**
- B.. Ás e aos membros representantes da Comunidade Autónoma na Mesa do Congreso
- C.. Aos deputados e deputadas representantes da Comunidade Autónoma de Galicia

**26.. Biblioteca de libre acceso é a que:**

- A.. Permite o acceso a calquera usuario ou usuaria
- B.. **Permite aos usuarios e usuarias o acceso directo aos fondos**
- C.. Non cobra polo acceso aos seus servizos

**27.. As oficinas de información xuvenil contarán como mínimo con:**

- A.. Espazo de atención ao público, aula, espazo específico de arquivo
- B.. Un consello de xuventude municipal ou de ámbito local debidamente constituído
- C.. **Un horario de atención ao público non inferior ás 25 horas semanais**

**28.. Habitualmente na práctica bibliotecaria cando se desexa renovar un exemplar reservado por outro usuario ou usuaria que se prioriza?:**

- A.. A renovación sobre a reserva
- B.. **A reserva sobre a renovación**
- C.. Considérase o tipo de documento

**29.. Cal é a lingua oficial do Estado Español?:**

- A.. O español exclusivamente
- B.. **O castelán**
- C.. O castelán e demais linguas de acordo cos Estatutos das Comunidades Autónomas

**30.. Segundo a Lei 7/2014 de 26 de setembro, de Arquivos e Documentos de Galicia a Xestión documental é:**

A.. un conxunto de funcións, procesos e medios que, integrados na xestión administrativa xeral e aplicados con carácter transversal e de modo continuo no seo do Sistema de Arquivos de Galicia, serven para garantir a autenticidade, a fiabilidade, a integridade e a dispoñibilidade dos documentos ao longo do tempo

B.. un conxunto de funcións, procesos e medios que, integrados na xestión administrativa xeral e aplicados con carácter transversal e de modo continuo no seo do Sistema de Arquivos de Galicia, serven para garantir a autenticidade, a fiabilidade, a integridade e a dispoñibilidade dos documentos ao longo do tempo, así como para a configuración do patrimonio documental de Galicia

C.. un conxunto de funcións, procesos e medios que serven para garantir a autenticidade, a fiabilidade, a integridade e a dispoñibilidade dos documentos ao longo do tempo, así como para a configuración do patrimonio documental de Galicia

**31.. Segundo a Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, integran o sistema galego de bibliotecas:**

A.. O órgano de dirección e coordinación do sistema, os órganos de cooperación, asesoramento e participación, a Biblioteca de Galicia, a Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, as bibliotecas universitarias, as bibliotecas escolares de centros de ensino non universitario e as bibliotecas especializadas e as bibliotecas de titularidade privada que se integren na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia mediante orde da consellaría competente en materia de bibliotecas

B.. A Biblioteca de Galicia, a Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, as bibliotecas universitarias, as bibliotecas escolares de centros de ensino non universitario e as bibliotecas especializadas e as bibliotecas de titularidade privada que se integren na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia mediante orde da consellaría competente en materia de bibliotecas

C.. O órgano de dirección e coordinación do sistema, os órganos de cooperación, asesoramento e participación, a Biblioteca de Galicia, a Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, as bibliotecas universitarias, as bibliotecas escolares de centros de ensino non universitario e as bibliotecas especializadas

**32.. A que materia está adicado o Título IV da Constitución Española?:**

- A.. Ao Goberno e as Cortes Xerais
- B.. Ao Goberno
- C.. **Ao Goberno e á Administración**

**33.. Que é un cliente Z39-50 ?:**

- A.. Protocolo que permite a transferencia de ficheiros (FTP)
- B.. **Protocolo que permite realizar buscas e recuperar información de distintos tipos de bases de datos**
- C.. Módulo para realizar a catalogación retrospectiva

**34. Segundo a Lei 5/2012 de Bibliotecas de Galicia, a quen corresponde constituír e elaborar, manter e difundir a bibliografía corrente e retrospectiva de Galicia e o Catálogo colectivo do patrimonio bibliográfico galego?**

- A.. **Á Biblioteca de Galicia**
- B.. Ao Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia
- C.. Á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

**35. Segundo a Lei 5/2012 de Bibliotecas de Galicia, deberán prestar o servizo de biblioteca de xeito descentralizado, a través dunha biblioteca central municipal, dunha biblioteca de proximidade ou dos servizos bibliotecarios móbiles os municipios a partir de:**

- A.. **20.000 habitantes**
- B.. 100.000 habitantes
- C.. 50.000 habitantes

**36. Cales son os elementos esenciais do municipio:**

- A.. O territorio e a poboación
- B.. **O territorio, a poboación e a organización**
- C.. A poboación e a organización



**37.. Segundo a Lei 7/2014 de 26 de setembro de Arquivos e Documentos de Galicia, é función dun arquivo público de carácter histórico:**

A.. Asesorar desde o punto de vista técnico na elaboración dos proxectos de construción de arquivos e na determinación dos requisitos profesionais do persoal dos arquivos do sistema

B.. Promover a recuperación ou reprodución dos documentos constitutivos do patrimonio documental galego ou de interese para Galicia que estean fóra da comunidade

C.. Exercer as facultades de inspección e tramitar os procedementos sancionadores

**38. O ou a bibliotecaria, ante unha desiderata proposta á biblioteca debería:**

A.. Atender á solicitude se o contido é axeitado á temática e orientación doutrinal do centro

B.. Comprobar se a consulta xa foi resolta con anterioridade

C.. Resolver atendendo a criterios económicos, ao interese xeral e a adecuación ao fondo existente

**39. O capítulo primeiro do Título Primeiro da Constitución Española de 1978 denomínase:**

A.. Dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas

B.. Dos españois e os estranxeiros

C.. Das Cámaras

**40. Segundo a Lei 5/2012 de Bibliotecas de Galicia a realización de reproducións de fondos bibliográficos de titularidade autonómica sen autorización ou con incumprimento das condicións establecidas pola consellaría competente en materia de bibliotecas considérase unha infracción:**

A.. Leve

B.. Moi grave

C.. Grave

\*\*\*\*\*

## Preguntas de reserva

**41. Que diferencia existe entre a figura das Oficinas e os Puntos de Información Xuvenil de acordo á normativa reguladora:**

A.. Exclusivamente a denominación

B.. **O horario mínimo de atención ao público**

C.. As Oficinas requiren un local de uso, mentres os Puntos de Información Xuvenil non precisan nin local nin espazo de ningún tipo

**42. Tal e como se establece na Constitución o control económico e presupuestario das Comunidades Autónomas exercerase:**

A.. Polo Tribunal Constitucional

B.. **Polo Tribunal de Contas**

C.. As dúas respostas anteriores son correctas

**43. O decreto 50/2000 do 20 de xaneiro polo que se refunde e actualiza a normativa vixente de xuventude de Galicia:**

A.. queda derogado coa entrada en vigor da lei 6/2012 , do 19 de xuño, de xuventude de Galicia

B.. **resultará aplicable en tanto non entre en vigor a normativa de desenvolvemento da lei 6/2012 de xuventude de Galicia**

C.. Queda derogado coa entrada en vigor do Decreto 148/2008, do 26 de xuño, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego de xuventude.

**44. Cal destas afirmacións non é correcta referida ao rexistro de documentos?**

A.. Os exemplares idénticos do mesmo documento levan distinto número de rexistro

B.. Os volumes ou partes dunha obra levan un número de rexistro único

C.. **O número de rexistro escríbese nos documentos da mesma maneira independentemente do seu tipo e formato**

**45. As provincias son:**

- A.. Entidades locais con personalidade xurídica propia
- B.. Entidades determinadas pola agrupación de municipios e división territorial para o cumprimento das actividades do Estado
- C.. **As dúas respostas anteriores son correctas**

**46.. Como deben ser os rexistros públicos entre si?**

- A.. Coordinados
- B.. **Interoperables**
- C.. Telemáticos

**47.. Segundo a Lei 7/2014 de 26 de setembro, de Arquivos e Documentos de Galicia, integran os sistemas de arquivo das entidades locais de Galicia os arquivos:**

A.. **Das administracións locais de Galicia e das entidades de dereito público e privado delas dependentes e das persoas físicas ou xurídicas no exercicio de competencias delegadas de carácter público por unha entidade local**

B.. Das administracións locais de Galicia e das entidades de dereito público delas dependentes e das persoas físicas ou xurídicas no exercicio de competencias delegadas de carácter público por unha entidade local

C.. Das administracións locais de Galicia e das entidades de dereito público e privado delas dependentes e das persoas físicas ou xurídicas no exercicio de competencias delegadas de carácter público ou privado por unha entidade local

**48.. O delegado do goberno representa na Comunidade Autónoma?:**

- A.. Ao Rei
- B.. Ao Estado
- C.. **Ao Goberno**